

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE ABRIL DE 2016**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	7
5.1.	Temperatura media das máximas.	10
5.2.	Temperatura media das mínimas.	11
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	12
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2016.....	16
6	PRECIPITACIÓN	17
6.1.	Precipitación acumulada mensual Abril 2016.....	17
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	18
6.3.	Días de chuvia en abril de 2016.....	19
6.4.	Evolución da precipitación en abril de 2016.....	21
7	VENTO	22
8	RADIACIÓN SOLAR	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	26
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	27
9	RAIOS.....	28

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 23-05-2016



Mes frío e húmido.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de abril estivo caracterizado en xeral pola chegada máis frecuente do normal de borrascas con aire frío, o que deixa un mes que podemos cualificar como frío e húmido. Así, o día 1 comezabamos o mes con altas presións e polo tanto tempo seco, soleado e con temperaturas bastante normais para o momento do ano, aínda que en xeral por debaixo dos 20°C de máxima.

Pero entre os días 2 e 4 un centro de baixas presións, movéndose polo Atlántico ao norte de Galicia, deixaba 3 días de chuvia xeneralizada, por momentos de intensidade moderada, e un considerable descenso de temperatura.

Antes da chegada da seguinte borrasca moi fría e moi activa, o día 9, puidemos gozar de 4 xornadas anticiclónicas, aínda que o vento de norte impediu que as temperaturas fosen destacadas. De feito, agás puntos illados do sur, os termómetros mantivéronse por debaixo dos 20°C nestas xornadas e mesmo por debaixo dos 15°C no terzo norte onde ademais as nubes baixas cubrían por momentos os ceos.

O día 9 unha borrasca achegouse dende o sur de Islandia ata acadar unha posición preto da Comunidade galega. Esta borrasca chegou con moito aire frío e importante actividade de precipitacións, de xeito que tivemos entre o propio día 9 e o 16 un período ininterrompido de chuvias xeneralizadas, por momentos acompañadas de aparato eléctrico e baixas temperaturas para a época do ano, con ventos intensos nalgúns días dese episodio. Dentro destes 8 días compre destacar os días 10, 11, 14 e 16 como os máis chuviosos. En canto ás temperaturas, o día máis frío de todo o mes foi o día 10, cando moitas localidades de Galicia non conseguiron superar os 10°C en toda a xornada.

Os días 17 e 18 foron de transición, con algo máis de estabilidade o 18. Pero a borrasca que chegara o día 9 terminou deixando aire frío en altura desconectado da circulación xeral, o que alimentou unha borrasca que o propio 18 se situaba ao norte de Madeira e que a partir do 19 afectou a Galicia polo que, novamente o 19 foi un día de chuvia xeneralizada, mentres que nos seguintes 4 días estas chuvias tiveron un carácter máis illado e ocasional. Neste período entre o 19 e o 23 as temperaturas non foron baixas, pero a presenza de nubes e chuvascos deixou os termómetros en máximas preto dos 20°C, que non é un valor moi destacable nesta época do ano.



No período entre o 24 e o 30 predominaron as altas presións, pero ao igual que sucederá no anterior período anticiclónico de principios de mes, esas altas presións non foron quen de achegar aire cálido, polo que en xeral o tempo se mantivo seco, pero frío. Ao principio do período os termómetros puideron superar os 25°C nalgún punto illado do sur, pero a partir do día 27 a metade norte quedou por debaixo dos 15°C e a metade sur entre 15°C e 20°C, superándose os 20°C de xeito moi circunstancial.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nas figuras de anomalía de presión tanto en superficie (Figura 1) como en altura (Figura 2), pódese ver que as presións foron máis baixas do normal tanto no Atlántico como no norte de Europa, o que explica o exceso de chuvia do mes. A anomalía localizada ao oeste-noroeste da Península Ibérica responde á presenza da profunda borrasca que chegaba na xornada do 9 e que se mantivo varios días nesa zona deixando importantes cantidades de chuvia e baixas temperaturas.

**Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar.
Abril 2016**




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.



**Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa.
Abril 2016**




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Coruña-Torre de Hércules, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, de MeteoGalicia).

O valor climático corresponde ao promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	ABRIL 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	12.1	13.0	16.5 (2011)	10.0 (1986)
Tª mínima media	9.4	9.9	12.5 (2011)	7.0 (1986)
Tª mínima absoluta	5.0 (día 1)	2.0 (12/04/1951)		
Tª mínima máis alta	13.4 (día 19)	19.4 (07/04/2011)		
Tª máxima media	14.8	16.0	20.4 (2011)	12.9 (1986)
Tª máxima absoluta	19.8 (día 19)	31.6 (08/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	10.6 (día 10)	8.6 (05/04/1968)		
Precipitación acumulada	105	67-83	232 (1998)	0 (1938)
Días de chuvia (≥1mm)	12	13	27 (1998)	0 (1938)

Comentario: Mes moi frío tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para as mínimas resultou frío.

A chuvia rexistrada foi superior ao rango de valores normais para esta variable, polo que o mes considérase húmido. Sen embargo, o número de días de chuvia, non acadou o valor climático normal.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2016 Temperatura: 1948-2016



SANTIAGO

	ABRIL 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.7	12.2	16.5 (2011)	8.3 (1986)
Tª mínima media	6.6	7.5	10.7 (2011)	4.0 (1986)
Tª mínima absoluta	1.0 (día 1)	-1.3 (13/04/1986)		
Tª mínima máis alta	12.2 (día 19)	15.4 (07/04/2011)		
Tª máxima media	14.8	16.5	22.3 (2011)	12.6 (1986)
Tª máxima absoluta	22.0 (día 25)	31.0 (07/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	8.1 (día 10)	5.8 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	185	100-141	405 (1998)	33 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	14	15	28 (1998)	6 (2011)

Comentario: Mes moi frío en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais para esta variable, considerándose o mes húmido, aínda que o número de días de chuvia non acadou o valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2016. Temperatura: 1982-2016

LUGO

	ABRIL 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.6	10.6	14.8 (2011)	7.1 (1986)
Tª mínima media	4.4	5.2	8.3 (2011)	2.9 (1986)
Tª mínima absoluta	-1.0 (día 1)	-3.7 (13/04/1986)		
Tª mínima máis alta	9.5 (día 19)	15.0 (03/04/1985)		
Tª máxima media	14.9	16.0	21.4 (2011)	11.3 (1986)
Tª máxima absoluta	19.9 (día 18)	31.7 (08/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	8.7 (día 10)	5.0 (21/04/1995)		
Precipitación acumulada	122	62-73	322 (1998)	8 (1982)
Días de chuvia (≥1mm)	15	13	25 (1998)	3 (1974)

Comentario: O mes de abril nesta localidade resultou frío en xeral para todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais para esta variable, considerándose o mes moi húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2016. Temperatura: 1981-2016



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	ABRIL 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.8	13.1	17.3 (2011)	10.0 (1986)
Tª mínima media	7.9	7.8	11.1 (2011)	4.6 (1986)
Tª mínima absoluta	2.0 (día 1)	-1.5 (06/04/1975)		
Tª mínima máis alta	12.3 (día 19)	14.7 (28/04/1997)		
Tª máxima media	17.9	18.4	23.5 (2011)	15.0 (1978)
Tª máxima absoluta	23.4 (día 24)	31.2 (06/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	11.9 (día 10)	9.1 (03/04/01987)		
Precipitación acumulada	231	95-134	430 (2000)	18 (1967)
Días de chuvia (≥1mm)	15	14	28 (1998)	3 (1980)

Comentario: Gran contraste entre as temperaturas máximas que resultaron frías e as mínimas, que foron lixeiramente cálidas. Como consecuencia disto o mes caracterízase como normal en canto á temperatura media.

A chuvia rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais para esta variable, considerándose o mes moi húmido. Isto reflíctese no número de días de chuvia que foi lixeiramente superior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2016. Temperatura: 1958-2016

OURENSE

	ABRIL 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.5	13.3	17.4 (2011)	9.3 (1986)
Tª mínima media	6.4	6.7	9.2 (1984)	3.2 (1973)
Tª mínima absoluta	0.5 (día 1)	-3.2 (06/04/1975)		
Tª mínima máis alta	11.5 (día 19)	14.8 (13/04/1988)		
Tª máxima media	18.6	19.8	25.6 (2011)	15.0 (1986)
Tª máxima absoluta	25.6 (día 25)	32.9 (07/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	12.7 (día 10)	8.0 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	126	47-65	189 (2000)	12 (1982)
Días de chuvia (≥1mm)	15	11	25 (2000)	3 (1982)

Comentario: Mes frío tendo en conta as temperaturas medias e máximas, mentres que para as mínimas o mes resultou normal.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi húmido. O número de días de chuvia tamén foi moito maior que o valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2016. Temperatura: 1972-2016



5 TEMPERATURA

As temperaturas foron baixas neste mes xa que os dous períodos anticiclónicos viñeron asociados con ventos de compoñente norte, de xeito que as temperaturas, agás días concretos como o 25, non foron moi elevadas. Os períodos de borrasca deixaron temperaturas baixas, destacando a borrasca que chegaba o día 9 movéndose dende o sur de Islandia.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de abril de 2016.



O valor medio das temperaturas máximas no mes de abril para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 13.8 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na alta montaña ourensá, con valores próximos aos 3 °C e os valores máis altos (entorno aos 19.7 °C) rexistráronse, principalmente no curso do Río Miño, na provincia ourensá.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de abril para o territorio galego foi de 4.7 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados novamente, nas zonas da alta montaña ourensá (preto dos -2.0 °C) e os máis altos na Ría de Vigo e na península do Morrazo, (con valores próximos aos 11 °C).




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de abril de 2016.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de abril, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de $-0.8\text{ }^{\circ}\text{C}$. Como se pode ver no mapa da figura 3, as zonas máis frías foron, principalmente a Serra do Suído e as localidades situadas na dorsal galega na provincia de Pontevedra e no oeste da provincia de Ourense, con valores próximos aos $-2.0\text{ }^{\circ}\text{C}$ con respecto ao valor normal do período 1981-2010. As anomalías máis altas correspóndense á zona de Verín, con valores que mesmo superaron os $0.5\text{ }^{\circ}\text{C}$.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de abril respecto al período 1981-2010.



A táboa 1 mostra as anomalías máis altas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. Como se pode ver, existen anomalías positivas en puntos moi localizados da Comunidade, e estas están moi preto da normalidade.

Anomalías máis altas de temperatura media		
con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Negueira de Muñiz	Lugo	0.4
Verín	Ourense	0.4
Cambre	A Coruña	0.4
Vilaboa	Pontevedra	0.3
Gondomar	Pontevedra	0.1
Redondela	Pontevedra	0.1
Cariño	A Coruña	0.1
Mondoñedo	Lugo	0.0
Nogais (As)	Lugo	0.0
Navia de Suarna	Lugo	0.0

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de abril de 2016.

Anomalías máis baixas de temperatura media		
con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Verea	Ourense	-1.9
Lama (A)	Pontevedra	-1.5
Bola (A)	Ourense	-1.5
Forcarei	Pontevedra	-1.5
Camariñas	A Coruña	-1.5
Santiago de Compostela	A Coruña	-1.5
Vilar de Santos	Ourense	-1.5
Bande	Ourense	-1.5
Calvos de Randín	Ourense	-1.4
Covelo	Pontevedra	-1.4

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de abril de 2016.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1981-2010. As provincias de Ourense e Pontevedra, presentaron as anomalías máis baixas con respecto ao valor climático normal.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de abril de 2016 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do 25 de Abril, resultou a máis calorosa en ámbalas dúas altitudes..

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2016				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
25/04/2016	Remuíño	Arnoia	Ourense	27.7
25/04/2016	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	27.3
25/04/2016	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	27.0
25/04/2016	Ourense	Ourense	Ourense	25.6
25/04/2016	Prado	Castrelo de Miño	Ourense	25.1
25/04/2016	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	25.1
29/04/2016	Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	24.9
25/04/2016	Areas	Tui	Pontevedra	24.1
25/04/2016	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	24.0
25/04/2016	Costa	Rois	A Coruña	23.6

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2016 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2016				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
26/04/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	19.4
26/04/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	18.9
25/04/2016	Xurés	Muiños	Ourense	18.2
25/04/2016	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	17.0
25/04/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	16.4
25/04/2016	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	16.0
25/04/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	15.4
25/04/2016	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	15.3
25/04/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	14.4
25/04/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	13.3

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2016 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de abril de 2016 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A primeira xornada do mes de abril foi a máis fría en altitudes altas e baixas.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2016				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/04/2016	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-7.3
01/04/2016	Xares	A Veiga	Ourense	-6.6
01/04/2016	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-5.6
01/04/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	-4.6
01/04/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	-4.6
01/04/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-4.5
01/04/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-3.5
01/04/2016	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-3.4
01/04/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-2.8
08/04/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	-2.8

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2016 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2016				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/04/2016	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-4.4
01/04/2016	Baltar	Baltar	Ourense	-4.3
01/04/2016	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-3.1
01/04/2016	Lanzós	Vilalba	Lugo	-2.9
01/04/2016	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-2.8
01/04/2016	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-2.7
01/04/2016	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	-2.6
01/04/2016	Morelle	Sarria	Lugo	-2.6
01/04/2016	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-2.5
01/04/2016	Arzúa	Arzúa	A Coruña	-2.2

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2016 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2016.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016, para esta serie, foi 11.1 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2016 para abril.

A anomalía media da temperatura para este mes de abril en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -0.8 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como frío. Tanto nas máximas como nas mínimas, as anomalías foron negativas. O abril máis próximo cun valor de anomalía inferior a esta, foi o do ano 2012.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en abril, respecto ó período 1981-2010.



6 PRECIPITACIÓN

As chuvias foron en xeral máis cuantiosas do normal nun mes de abril en toda a Comunidade galega. Isto é debido principalmente á actividade rexistrada entre os días 9 e 16. Esa segunda borrasca do mes deixou precipitacións moi cuantiosas polo que as acumulacións superaron a media do mes. O número de días de chuvia foi o normal ou lixeiramente superior.

A chuvia media no mes de abril obtida a partir dos valores do mapa foi de 166 L/m². Houbo un gran contraste entre o leste e o oeste da Comunidade. A provincia que rexistrou os valores de precipitación máis altos foi a de Pontevedra, destacando Fornelos de Montes, onde se chegaron a rexistrar valores de precipitación acumulada de 351 L/m². Os valores máis baixos acadáronse nas comarcas de Valdeorras e A Limia, con valores inferiores aos 100 L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual Abril 2016




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de abril de 2016.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pode verse o porcentaxe de precipitación no mes de abril con respecto a os valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. As porcentaxes máis altas déronse no sur da provincia de Ourense, destacando a Baixa Limia cunha porcentaxe de 261% máis do normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi dun 43 % superior ao período de referencia 1981-2010. O norte da provincia de A Coruña e Lugo, e os puntos do interior da provincia de Ourense, presentaron porcentaxes por debaixo do normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de abril de 2016.



6.3. Días de chuvia en abril de 2016

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 15.1. Os valores máximos obtivéronse na Mariña Central e Oriental luguesa, acadándose máis de 20 días de chuvia. Os valores máis baixos estiveron en gran parte da provincia de A Coruña con valores próximos aos 12 días.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de abril de 2016.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de abril. Entre as xornadas do 15 e o 16 acadáronse valores de precipitación que superaron os 60 L/m² en 24 horas, en moitas localidades da provincia de Pontevedra, a que tamén rexistrou as precipitacións mensuais máis altas.

Precipitacións acumuladas máximas en abril de 2016			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m²)
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	351
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	278
Louredo	Mos	Pontevedra	278
Areiro	Pontevedra	Pontevedra	270
Areas	Tui	Pontevedra	269
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	261
As Eiras	O Rosal	Pontevedra	260
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	259
A Mezquita	A Mezquita	Ourense	257
Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	256

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de abril de 2016.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m²)	Instante de inicio (UTC)
Guísamo	Bergondo	A Coruña	69	15/04/2016 19:30
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	64	15/04/2016 4:00
Areas	Tui	Pontevedra	63	15/04/2016 4:00
Louredo	Mos	Pontevedra	63	15/04/2016 4:10
AsEiras	O Rosal	Pontevedra	60	15/04/2016 3:20
Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	60	15/04/2016 4:10
A.Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	58	15/04/2016 6:00
Cariño	Cariño	A Coruña	57	15/04/2016 20:30
M Aloia	Tui	Pontevedra	57	15/04/2016 3:50
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	53	13/04/2016 3:50

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de abril de 2016.



6.4. Evolución da precipitación en abril de 2016

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016, para esta serie, foi 162 L/m².




Figura 12: Precipitación ó longo do período 1961-2016 para abril.

A anomalía media das precipitacións para este mes de abril en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 41 % por enriba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi húmido, o ano máis próximo que supera este valor é 2012.




Figura 13: Evolución da anomalía de precipitación en abril, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO









Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de abril. As xornadas comprendidas entre o 10 e o 14 do mes presentaron os valores máis altos de refacho máximo de vento, principalmente nas provincias de A Coruña e Ourense..

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en abril				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
14/04/2016	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	135.1
10/04/2016	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	127.2
14/04/2016	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	122.8
14/04/2016	Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	114.2
10/04/2016	Muralla	Lousame	A Coruña	113.4
14/04/2016	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	111.9
10/04/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	110.3
14/04/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	108.6
14/04/2016	Ons	Bueu	Pontevedra	108.2
13/04/2016	Lira	Carnota	A Coruña	107.7
12/04/2016	Punta Langosteira	Arteixo	A Coruña	104.8
13/04/2016	Camariñas	Camariñas	A Coruña	103.4
10/04/2016	Burela	Burela	Lugo	103.4
14/04/2016	Sálvora	Ribeira	A Coruña	101.7
10/04/2016	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	101.5
10/04/2016	Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	100.9
14/04/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	100.5

Táboa 9: Refachos máximos superiores ós 100 km/h en abril de 2016.



Destaca nas seguintes táboas o feito do pequeno valor da porcentaxe de calmas, e dos elevados valores que se acadan nos valores de velocidade media que se observan.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	107.7	NE	4		
		Día 14				
Pta. Candieira	Cedeira	101.5	NE	8		
		Día 10				
Malpica	Malpica	88.6	E	3		
		Día 14				
Marco da Curra	Monfero	89.2	SO	3		
		Día 12				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Abril de 2016 na provincia de A Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	103.4	S	7		
		Día 10				
Ancares	Cervantes	110.3	S	7		
		Día 10				





Táboa 11: Resumo vento no mes de Abril de 2016 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	83.7	SO	6		
		Día 14				
Rodicio	Maceda	90.5	NE	6		
		Día 14				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	66.2	NO	30		
		Día 13				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de Abril de 2016 na provincia de Ourense.


PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	100.9	S	6		
		Día 10				
Ons	Bueu	108.2	NE	2		
		Día 14				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Abril de 2016 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual



1233 1451 1669 1887

Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de Abril de 2016.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 742 raios en Galicia. A provincia de A Coruña foi a que máis raios rexistrou. Na figura 15 móstrase a distribución por día dos raios neste mes.




Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en abril de 2016.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en abril 2016.



Na figura 17, pódese ver o total de raios rexistrados en abril en Galicia dende o ano 2010 ao 2016.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en abril dende 2010 a 2016.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 4

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																											
A Coruña-Torre de Hérculo	12.0	14.8	19.8	19	9.4	5.0	1	105	21.5	10	-	72	84	58	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	16	0	
A Gándara	8.4	12.0	18.1	19	5.9	2.1	10	156	25.0	12	90	85	95	70	43	169	1527	25	135	14	965	17	965	17	0		
Aldea Nova	9.7	13.4	17.9	20	6.9	3.3	10	186	30.2	16	110	80	93	62	39	156	1447	11	67	13	981	19	981	19	0		
Arzúa	9.3	14.5	21.0	25	4.4	-2.2	1	172	31.8	10	90	79	96	56	45	178	1598	9	71	10	970	15	970	15	1		
Camariñas	11.9	13.6	19.6	19	9.6	3.5	1	199	33.9	12	103	74	84	63	52	207	1790	24	103	13	1012	18	1012	18	0		
Cariño	11.6	13.9	17.5	21	9.2	3.7	1	156	45.0	16	78	79	92	65	38	153	1451	15	81	13	1014	19	1014	19	0		
Cespón	12.2	16.8	22.8	25	8.0	1.6	1	201	32.6	10	110	78	94	58	48	190	1644	10	72	14	1009	15	1009	15	0		
CIS Ferrol	11.4	15.6	21.4	20	7.6	2.0	1	150	27.8	10	68	80	96	60	44	173	1512	12	74	13	1010	16	1010	16	0		
Corrubedo	12.5	16.4	21.6	24	9.2	5.3	1	144	22.2	10	45	77	91	61	54	215	1813	16	83	10	1010	14	1010	14	0		
Coruña-Dique	11.6	14.1	20.2	19	9.0	4.4	1	97	22.4	16	--	73	88	56	-	-	-	21	79	12	1012	15	1012	15	0		
*Costa	11.0	16.0	23.6	25	6.7	0.8	1	223	37.4	10	-	83	97	63	-	-	-	5	56	12	994	15	994	15	0		
*Coto Muiño	9.5	14.5	20.8	18	5.2	-2.0	1	239	41.9	12	-	86	98	67	-	-	-	6	52	10	-	17	-	17	1		
Fontecada	8.8	13.0	18.6	25	5.2	-0.3	1	278	35.3	12	208	83	94	64	42	166	1475	14	88	14	971	17	971	17	1		
*Guísamo	10.9	15.2	20.3	19	7.3	3.5	1	179	46.4	15	-	72	86	52	-	-	-	4	40	3	993	16	993	16	0		
*Lesende	11.0	15.2	20.4	25	7.5	2.2	1	226	33.7	12	139	75	87	57	42	167	1548	7	62	10	993	16	993	16	0		
Lira	11.2	14.5	19.8	19	8.4	5.3	10	134	26.8	12	49	81	92	67	50	198	1709	27	108	14	-	16	-	16	0		
Mabegondo	10.9	16.5	22.5	19	5.3	-0.1	1	139	37.6	16	55	81	96	60	46	181	1613	9	65	12	1003	16	1003	16	2		
Malpica	10.3	13.6	17.1	21	7.9	3.5	11	137	32.3	16	57	82	93	67	52	206	1695	22	89	14	995	15	995	15	0		
Marco da Curra	7.1	10.9	16.3	20	4.0	-0.1	11	163	37.6	16	104	86	97	67	37	147	1397	19	89	12	938	19	938	19	2		
Melide	9.0	14.8	21.5	25	4.2	-1.2	1	126	20.0	10	46	81	96	57	42	167	1566	9	69	3	958	15	958	15	1		
Muralla	7.5	11.5	18.4	25	4.7	1.3	10	238	33.9	10	188	91	100	75	36	144	1297	28	113	10	936	15	936	15	0		
*O Val	11.2	15.3	19.8	19	7.1	1.2	1	184	29.3	10	-	82	95	64	-	-	-	5	42	10	1006	18	1006	18	0		
Olas	8.9	13.8	18.8	25	4.6	-0.6	1	156	29.5	15	86	86	100	61	43	170	1493	14	71	5	-	16	-	16	1		
*Ordes	9.8	14.6	20.1	25	4.8	-1.4	1	162	32.1	16	-	81	96	61	-	-	-	7	49	13	981	15	981	15	1		
*Paramos	9.1	13.3	19.5	25	5.2	0.6	1	247	44.8	10	-	87	99	69	-	-	-	9	51	3	971	16	971	16	0		
*Pazo de Galegos	10.9	15.7	22.6	25	6.7	-0.3	1	160	31.1	3	75	81	96	61	45	180	1613	6	49	3	987	17	987	17	1		
Punta Candieira	10.0	12.4	17.6	19	8.1	3.6	10	115	24.6	16	38	80	93	67	44	176	1570	28	101	10	983	18	983	18	0		
Punta Langosteira	11.8	13.6	20.5	19	9.5	6.1	10	77	21.7	10	-	79	91	66	46	184	1558	21	105	12	1012	16	1012	16	0		
Río do Sol	7.7	11.7	17.4	18	4.9	0.8	10	187	25.4	10	129	89	98	70	40	158	1439	23	98	14	950	18	950	18	0		
*Rus	10.4	15.2	21.4	19	5.7	0.3	1	230	47.2	16	-	84	98	63	-	-	-	5	43	5	998	17	998	17	0		
Sálvora	12.8	15.3	20.5	24	10.4	6.4	1	140	24.8	10	40	78	89	65	59	235	1891	24	102	14	-	14	-	14	0		
Santiago-EOAS	10.4	14.8	22.0	25	6.6	1.0	1	185	36.6	16	104	79	94	59	41	163	1534	10	82	3	983	16	983	16	0		
Santiago-San Lázaro	10.0	14.1	21.1	25	6.3	0.5	1	202	43.2	10	--	79	93	59	44	176	1556	12	67	13	977	16	977	16	0		
Sergude	10.6	15.7	22.4	25	6.1	0.5	1	147	25.0	10	-	81	98	59	39	154	1462	-	-	--	-	16	-	16	0		
Serra da Faladoira	7.3	10.7	15.0	19	4.8	0.6	10	142	23.6	16	86	88	99	70	33	133	1374	19	78	3	947	22	947	22	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 4

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Choiva
Lugo																										
A Pontenova	8.6	12.9	17.3	20	5.2	0.6	1	117	14.9	16	-	84	97	63	36	142	1340	-	-	--	-	-	-	22	0	
Abradelo	7.6	13.0	19.2	25	3.6	-1.4	1	193	27.1	14	-	77	95	52	43	168	1639	-	-	--	-	-	-	17	1	
Alto de Cerredo	5.8	9.9	14.9	25	2.8	-0.4	8	118	15.2	15	--	85	98	63	-	-	-	10	88	10	903	-	21	3		
*Alto do Faro	6.6	11.1	17.3	25	3.0	-0.4	1	180	19.0	16	-	85	98	61	-	-	-	8	56	10	917	-	17	2		
*Alto do Poio	3.9	7.7	13.3	25	0.9	-4.5	1	246	52.4	15	-	86	98	65	-	-	-	10	64	18	-	-	19	14		
Ancares	4.1	8.6	14.4	25	1.1	-4.6	1	131	20.6	19	72	87	100	62	39	156	1522	22	110	10	860	-	21	12		
*Borreiros	10.4	14.7	19.6	21	6.1	0.6	1	124	28.3	16	59	79	94	58	26	105	1184	5	58	3	1006	-	22	0		
Bóveda	9.7	15.8	21.4	25	4.9	-1.6	1	156	28.0	15	69	77	96	48	43	171	1621	8	60	5	963	-	16	1		
Burela	8.7	11.5	16.4	21	6.6	3.3	10	123	32.5	16	55	81	95	63	35	140	1392	16	103	10	962	-	22	0		
Campus Lugo	9.2	14.9	19.9	18	4.4	-1.0	1	122	23.0	15	41	79	97	53	39	154	1568	7	74	13	967	-	16	1		
Castro R. de Lea	8.6	13.9	19.8	20	4.0	-1.5	1	118	17.1	15	-	89	100	63	41	163	1532	-	-	--	965	-	18	2		
Conchada	8.8	14.8	21.0	25	4.7	-0.6	1	95	21.2	16	-	81	99	56	45	177	1656	-	-	--	-	-	15	1		
Corno do Boi	6.8	11.9	17.2	20	3.4	-0.1	10	201	24.4	3	137	88	100	63	40	160	1498	14	77	2	-	-	18	2		
Courel	7.8	13.1	19.2	25	3.7	-1.0	1	156	21.1	15	71	73	94	50	41	163	1565	11	96	14	924	-	16	2		
*Fontaneira	6.3	11.2	16.3	25	2.6	-1.0	1	149	20.2	16	78	85	98	62	37	147	1518	6	69	11	907	-	21	1		
Foz	10.6	14.2	18.9	21	7.2	1.7	1	121	39.4	16	40	78	92	62	39	154	1506	13	94	5	1006	-	23	0		
Fragavella	7.5	10.8	16.4	20	4.6	-0.6	1	182	37.6	16	125	88	98	67	34	136	1336	17	85	13	944	-	23	1		
Guitiriz	7.0	11.7	16.9	20	3.9	0.0	10	124	25.9	16	61	86	98	64	36	142	1390	13	69	12	934	-	18	0		
*Labrada	6.9	10.4	16.6	20	4.3	0.3	10	207	28.6	16	151	85	97	66	28	111	1257	12	66	10	-	-	23	0		
*Lanzós	7.9	12.6	18.5	20	2.9	-2.9	1	147	30.4	16	-	84	97	62	-	-	-	6	38	13	958	-	20	4		
*Lourenzá	10.6	15.4	19.7	21	6.1	0.3	1	147	31.4	16	-	81	97	59	-	-	-	6	62	14	-	-	22	0		
Marroxo	8.9	14.1	19.7	29	5.1	-0.5	1	111	19.0	15	29	78	95	53	41	160	1542	8	78	14	940	-	15	1		
*Míllara	10.3	16.3	22.6	25	6.0	0.8	1	161	32.2	15	-	78	97	52	-	-	-	8	72	3	-	-	15	0		
*Morelle	9.4	15.5	20.5	25	4.0	-2.6	1	122	20.2	15	44	81	99	53	39	153	1514	6	50	10	965	-	17	3		
O Cebreiro	3.9	9.2	16.0	25	0.5	-3.4	1	184	33.0	15	124	89	100	68	38	149	1473	13	61	5	865	-	18	16		
O Xipro	7.0	11.8	16.6	18	3.3	-0.8	1	120	14.5	15	51	85	99	61	38	149	1505	12	73	13	923	-	22	2		
*Olveda	7.8	13.3	18.5	25	3.3	-0.8	1	133	17.6	15	60	87	100	63	40	159	1568	6	41	12	-	-	16	1		
Pedro Murias	11.5	14.7	19.5	14	8.1	5.0	1	122	41.1	16	38	76	87	62	44	174	1509	10	73	10	1009	-	20	0		
Penedo do Galo	7.5	10.4	16.5	21	5.5	1.8	10	122	39.1	16	-	86	97	68	31	122	1254	-	-	--	-	-	20	0		
Pol	7.5	12.3	16.9	18	4.0	-0.4	1	133	19.4	15	-	83	99	59	40	160	1520	-	-	--	938	-	22	1		
Portomarín	9.0	15.1	20.2	25	3.6	-0.9	1	119	18.2	15	-	83	99	58	41	161	1592	-	-	--	962	-	16	2		
Sambreixo	8.2	13.4	18.9	20	3.2	-2.6	1	126	17.8	16	-	82	96	58	40	159	1480	-	-	--	-	-	18	2		
*San Clodio	11.3	17.6	23.2	25	5.9	0.8	1	109	19.6	16	-	76	97	47	-	-	-	4	44	10	984	-	16	0		
*San Fiz	10.1	15.1	20.5	25	5.9	0.4	1	154	24.9	15	68	79	96	56	40	160	1626	8	53	3	968	-	15	0		
Ventosa	6.8	11.9	17.1	25	2.7	-1.9	1	135	24.6	16	58	80	97	55	41	164	1607	13	76	14	909	-	20	2		
*Vilamor	10.5	14.9	19.4	21	6.5	-0.5	1	151	38.4	16	75	76	90	55	34	136	1388	5	49	11	-	-	23	1		
*Xabrega	10.7	16.7	23.5	25	6.0	1.5	1	141	31.9	15	49	74	91	47	40	157	1598	8	72	13	976	-	15	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 4

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med.	Choiva	Xeada
Ourense																											
A Mezquita	6.9	12.4	18.9	26	2.4	-2.8	1	257	43.2	14	179	80	95	57	46	180	1625	13	68	7	898	18	6				
*A Portela	11.0	17.0	22.6	26	5.8	-0.8	1	129	22.8	15	34	74	98	45	47	185	1659	6	60	14	-	17	1				
*A Trabe	8.8	13.7	20.1	26	4.8	0.3	1	245	44.1	14	159	77	92	56	45	179	1622	6	52	5	924	18	0				
Alto do Rodicio	6.5	11.1	17.4	25	2.9	-1.0	1	115	22.1	16	55	85	99	60	39	153	1369	18	91	14	901	17	4				
Amiudal	9.1	14.6	21.1	25	5.2	0.8	1	178	31.3	15	--	78	94	54	49	193	1721	13	79	10	949	15	0				
As Petarelas	9.7	16.0	22.1	25	4.7	-1.4	1	111	18.5	16	-	71	92	44	48	189	1758	-	-	--	-	16	2				
Baltar	7.8	13.8	20.7	25	1.9	-4.3	1	170	31.0	19	90	81	100	51	46	180	1684	12	67	14	921	17	8				
Cabeza de Manzaneda	1.4	3.9	9.3	25	-1.2	-7.3	1	165	37.7	14	119	90	100	70	44	172	1618	25	112	5	819	18	18				
*Calvos	6.9	12.6	19.5	26	1.2	-4.4	1	155	27.2	16	81	83	98	56	44	173	1641	10	69	10	-	15	12				
Casaio	5.8	9.8	15.3	25	2.3	-2.4	8	91	20.0	20	--	73	92	51	-	-	-	9	78	10	-	16	5				
*Corzos	5.2	10.7	16.4	25	0.9	-4.6	1	141	24.0	19	-	83	97	58	-	-	-	9	53	14	-	18	10				
Entrimo	8.5	13.7	20.3	29	4.2	-0.5	1	239	39.5	15	-	83	97	60	37	144	1454	-	-	--	-	16	1				
*EVEGA Leiro	11.7	19.6	27.3	25	5.3	-0.8	1	155	28.0	15	-	77	96	45	-	-	-	3	46	3	1001	16	1				
Gandarela	9.3	15.3	22.4	25	4.9	1.2	10	107	18.0	16	24	80	96	55	45	177	1584	9	66	13	942	15	0				
Lardeira	2.8	6.7	13.2	25	-0.2	-5.6	1	102	16.9	19	50	86	99	64	33	130	1616	24	127	10	833	16	14				
*Larouco	10.1	15.9	22.1	25	5.3	-1.6	1	-	-	--	-	69	88	44	-	-	-	5	44	14	953	16	1				
Laza	9.6	15.7	22.0	25	4.6	-1.5	1	154	23.0	19	66	76	96	48	43	172	1604	8	62	10	-	18	1				
Monte Medo	9.2	14.6	20.5	25	4.5	-1.8	1	115	14.6	16	-	76	95	48	41	162	1578	-	-	--	-	16	2				
O Invernadeiro	6.5	12.0	19.4	26	1.6	-3.5	1	259	37.9	15	191	81	96	56	38	152	1421	9	58	7	897	19	9				
Ourense	11.8	18.6	25.6	25	6.4	0.5	1	126	25.2	15	-	70	92	41	-	-	-	-	-	--	-	15	0				
Ourense-Estacións	12.6	19.2	27.0	25	7.5	2.5	1	127	23.7	15	26	71	93	42	46	181	1661	5	60	10	999	14	0				
*Pazo de Fontefiz	10.5	15.5	21.9	25	6.4	0.3	1	-	-	--	100	72	88	50	35	137	1412	6	52	10	967	17	0				
*Ponte Boga	10.2	15.7	21.5	25	5.7	-0.7	1	93	17.4	16	-3	68	85	44	43	168	1653	6	59	10	959	15	1				
*Prado	11.7	18.4	25.1	25	6.4	1.0	1	165	28.0	15	-	76	94	48	-	-	-	3	41	10	999	16	0				
Remuíño	11.7	19.7	27.7	25	6.0	0.1	1	150	23.8	15	57	79	98	46	42	165	1608	5	48	11	-	16	0				
*Riós	8.4	14.2	20.4	26	3.5	-2.0	1	159	21.6	15	76	81	98	54	41	162	1590	5	39	12	-	18	2				
San Xoán de Río	6.3	11.5	17.0	25	2.4	-2.2	1	91	15.2	16	24	85	100	59	41	160	1490	14	70	14	896	17	5				
Serra do Eixe	5.4	9.8	15.4	25	1.8	-2.8	8	129	19.8	19	60	83	98	60	44	174	1565	19	109	14	875	18	6				
Verín-Vilamaior	10.1	16.5	23.0	26	5.1	-1.0	1	133	20.8	16	47	76	95	49	42	166	1530	8	54	10	951	16	1				
Verín-Vilela	10.5	17.2	22.6	25	3.9	-2.8	1	128	19.0	19	38	77	98	48	47	186	1676	7	57	10	-	17	4				
Viana do Bolo	7.9	13.4	19.5	25	3.2	-3.1	1	136	20.8	14	58	80	97	55	44	174	1555	12	74	14	916	18	2				
Xares	1.8	5.3	12.5	25	-1.1	-6.6	1	121	28.0	15	--	87	99	67	47	184	1695	--	--	--	819	20	19				
*Xinzo	9.2	14.8	21.9	25	4.1	-2.7	1	98	15.1	16	14	81	98	57	46	183	1674	8	53	13	-	16	1				
Xurés	6.6	11.1	18.2	25	2.8	-0.9	8	207	29.8	16	130	81	96	59	47	184	1721	18	84	14	893	15	4				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2016 Mes: 4

Provincia Estación	Tª°C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med. hPa	Choiva	Xeada
Pontevedra																											
*A Armenteira	10.4	14.9	19.9	26	5.9	1.8	1	192	27.2	16	109	83	96	63	46	184	1667	9	63	12	-	-	-	15	0		
A Granxa	12.0	17.9	23.5	24	6.3	0.1	1	251	45.0	15	160	79	98	51	47	185	1643	5	58	10	1009	-	-	15	0		
A Lanzada	12.3	16.5	21.6	29	8.3	2.1	1	139	25.0	10	48	79	93	61	56	221	1682	20	93	5	-	-	-	15	0		
*Areas	12.3	18.0	24.1	25	7.5	1.7	1	269	51.6	15	-	80	96	56	-	-	-	3	39	11	-	-	-	17	0		
*Areiro	12.1	16.7	21.3	29	7.9	2.6	1	270	40.5	14	-	77	93	58	-	-	-	5	45	13	1005	-	-	16	0		
*As Eiras	12.5	17.3	22.3	25	8.0	2.4	1	260	46.4	15	161	77	94	55	50	198	1767	5	50	14	1008	-	-	16	0		
*Barrantes	12.0	16.5	21.2	29	7.1	0.8	1	169	29.3	16	77	79	94	59	54	212	1704	6	51	12	-	-	-	14	0		
Caldas de Reis	10.8	16.3	22.4	25	6.6	2.0	1	214	32.6	10	--	80	97	54	47	185	1619	-	-	--	982	-	-	15	0		
*Camanzo	10.6	15.7	22.6	25	5.7	-0.5	1	172	29.9	10	91	81	97	59	41	164	1555	8	70	3	989	-	-	19	1		
Castro Vicaludo	9.6	12.6	17.3	25	7.0	3.3	10	172	39.2	15	106	86	97	70	46	182	1435	20	114	14	958	-	-	16	0		
Castrove	10.0	14.7	21.0	26	6.5	3.0	10	196	24.7	10	117	83	96	64	45	179	1567	14	70	29	963	-	-	15	0		
*Cequeliños	11.8	17.7	25.1	25	7.3	1.8	1	137	21.8	15	40	76	96	50	46	183	1681	10	69	10	-	-	-	16	0		
Corón	12.6	16.0	21.0	19	9.3	3.9	1	153	26.0	10	57	80	94	60	56	220	1847	19	84	10	1012	-	-	15	0		
*Entenza	12.2	17.9	24.0	25	7.4	1.4	1	232	45.6	15	150	80	98	57	41	162	1616	4	54	14	-	-	-	16	0		
Fornelos de Montes	8.6	12.5	19.7	25	5.5	0.2	10	351	52.2	15	281	82	94	64	40	160	1392	20	101	10	932	-	-	16	0		
Illas Cíes	12.7	15.5	19.7	19	10.0	6.3	1	157	21.4	14	60	81	92	69	57	224	1872	15	93	10	-	-	-	14	0		
*Louredo	10.9	15.9	21.5	24	6.9	2.0	1	278	44.4	16	-	81	96	60	-	-	-	4	36	29	985	-	-	15	0		
Lourizán	12.6	18.2	23.4	24	8.0	2.0	1	231	30.4	14	138	81	97	57	45	180	1669	5	62	10	1007	-	-	15	0		
*Meder	12.1	17.7	23.3	25	7.5	2.1	1	202	37.2	15	--	70	87	47	-	-	-	4	48	11	996	-	-	16	0		
Monte Aloia	9.5	13.9	20.8	25	6.3	2.7	1	243	49.3	15	165	86	98	68	45	177	1591	10	74	10	959	-	-	15	0		
Mouriscade	8.6	14.2	20.7	25	2.9	-2.5	1	208	30.0	10	129	84	94	69	45	178	1648	8	56	11	955	-	-	16	5		
O Viso	11.2	17.3	23.2	24	6.9	2.8	1	156	24.8	15	64	79	94	57	48	190	1642	14	85	11	982	-	-	15	0		
Ons	11.8	15.0	19.2	19	8.7	5.6	1	144	20.2	16	51	83	94	68	63	249	2020	24	108	14	1000	-	-	13	0		
*Pé Redondo	12.0	16.5	21.2	29	7.9	3.9	1	211	34.4	16	122	80	94	60	47	187	1618	6	60	10	-	-	-	15	0		
Pereira	7.6	12.2	18.0	25	3.8	-0.1	1	250	29.6	10	-	86	99	65	46	183	1654	-	-	--	931	-	-	17	1		
*Ponte Caldelas	10.4	14.6	19.9	25	6.3	1.0	1	261	35.4	10	174	76	90	56	46	181	1575	7	57	10	971	-	-	15	0		
Pontevedra-Campolongo	13.2	19.1	24.9	29	8.3	2.6	1	256	35.0	10	-	72	90	48	-	-	-	4	52	13	-	-	-	16	0		
Queimadelos	10.9	16.5	23.3	25	7.2	2.9	11	250	45.2	15	175	80	93	59	29	114	1312	4	48	12	--	-	-	16	0		
Rebordelo	9.8	15.2	21.1	25	4.3	-1.4	1	243	30.9	10	-	82	99	57	46	180	1612	-	-	--	972	-	-	15	1		
Sanxenxo	12.7	16.9	22.0	24	8.6	3.8	1	164	21.5	16	70	74	90	55	49	195	1646	7	66	10	1010	-	-	16	0		
Serra do Faro	6.0	10.2	17.6	25	2.9	-1.1	10	205	25.7	2	142	85	97	64	41	164	1518	22	80	12	900	-	-	16	3		
*Simes	12.0	16.6	22.6	25	7.2	2.9	1	133	16.1	16	34	77	94	57	53	211	1806	4	55	12	-	-	-	16	0		
*Soutomaior	11.5	16.3	22.0	24	7.7	3.2	1	212	33.3	10	-	69	83	50	-	-	-	4	43	10	994	-	-	14	0		
*Torrequeintás	12.2	16.8	21.3	29	7.7	1.6	1	184	29.6	10	86	70	85	50	47	186	1648	7	74	10	1005	-	-	16	0		
*Tremoedo	12.2	16.5	20.9	19	7.8	2.7	1	170	35.1	10	-	72	86	53	-	-	-	6	47	12	1006	-	-	16	0		
Vigo	12.7	17.3	22.8	24	9.0	4.1	1	159	25.6	15	-	84	99	59	-	-	-	-	-	--	-	-	-	17	0		
Vigo-Campus	10.1	13.4	19.0	24	7.4	3.3	11	203	33.4	15	110	76	91	54	51	200	1739	11	84	14	960	-	-	15	0		
Xesteiras	7.2	10.9	17.0	25	4.3	0.0	10	232	41.2	3	-	-	-	-	-	-	-	30	123	14	-	-	-	18	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.